



INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE REGULA O PROCEDEMENTO PARA A ACREDITACIÓN DA COMPETENCIA DIXITAL DOCENTE NO ÁMBITO DE XESTIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

De conformidade co disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, emito o seguinte

INFORME

1. Marco normativo e competencial

O marco xurídico competencial que atribúe aos órganos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a elaboración da presente norma parte do artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, consonte o cal é da competencia plena da Comunidade Autónoma galega a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme ao apartado primeiro do seu artigo 81 o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía.

Así mesmo, o Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades dispón no seu artigo 1 que lle corresponden a esta consellería, entre outras competencias e funcións, a planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, e a coordinación do sistema universitario, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, nas leis orgánicas reguladoras do sistema educativo español e demais normativa de aplicación.

2. Necesidade e oportunidade

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (en diante LOE), establece no apartado 5 do artigo 111 bis que, *«as administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe. As administracións educativas deberán establecer as condicións que fagan posible a eliminación no ámbito escolar das situacións de risco derivadas da inadecuada utilización*





das TIC, con especial atención ás situacións de violencia na rede. Fomentárase a confianza e seguridade no uso das tecnoloxías prestando especial atención á desaparición de estereotipos de xénero que dificultan a adquisición de competencias dixitais en condicións de igualdade».

Así mesmo, a citada Lei orgánica 3/2020 modifica o apartado 6 do dito artigo 111 bis nos seguintes termos: *«O Ministerio de Educación e Formación Profesional elaborará e revisará, previa consulta ás comunidades autónomas, os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas».*

En consecuencia, a Resolución do 4 de maio de 2022, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, publicou o Acordo da Conferencia Sectorial de Educación polo que se actualiza o marco de referencia da competencia dixital docente, que establece os niveis de acreditación da competencia dixital docente.

De igual forma, de conformidade co artigo 102.1 da LOE, determínase que *«a formación permanente constitúe un dereito e unha obriga de todo o profesorado e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros».*

Pola súa vez, o artigo 102.3 da citada lei dispón que *«as administracións educativas promoverán a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación e a formación tanto en dixitalización como en linguas estranxeiras de todo o profesorado, independentemente da súa especialidade, establecendo programas específicos de formación neste ámbito».*

Neste contexto, o artigo 83.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, dispón que *«o profesorado recibirá as competencias dixitais e a formación necesaria para o ensino e transmisión dos valores e dereitos referidos no apartado anterior».*

Neste sentido, a Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia, no seu artigo 33 de formación en materia de dereitos, seguridade e responsabilidade dixital, establece que *«as administracións públicas garantirán a plena inserción do alumnado na sociedade dixital e a aprendizaxe dun uso dos medios dixitais que sexa seguro e respectuoso coa dignidade humana, os valores constitucionais, os dereitos fundamentais e, particularmente, co respecto e a garantía da intimidade persoal e familiar e a protección de datos persoais, conforme o previsto no artigo 83 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Especificamente, as administracións públicas promoverán dentro de todas as etapas formativas o uso adecuado da internet».*

Por iso, a Conferencia Sectorial de Educación chegou aos acordos sobre actualización do marco de referencia da competencia dixital, por Resolución do 4 de maio de 2022, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, publicado no BOE do 16 de



maio, e sobre a certificación, acreditación e recoñecemento da competencia dixital docente por Resolución do 1 de xullo de 2022 da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, publicada no BOE do 12 de xullo.

De conformidade coas citadas resolucións, esta orde, ditada pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, como Administración educativa á que compete o desenvolvemento normativo no seu ámbito exclusivo de xestión, regula o procedemento para a acreditación da competencia dixital docente.

O Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de educación (LOE), en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a formación permanente é un elemento clave da profesión docente. Organizarase a través de itinerarios formativos para dar unha resposta adaptada ás necesidades do profesorado ao longo da súa vida profesional e ás demandas institucionais, que deberán incluír formación específica sobre a utilización das tecnoloxías da información e comunicación no ensino.

Así mesmo, o Decreto 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais, da Consellería de Facenda e Administración Pública, establece na súa disposición adicional única, Competencias dixitais docentes no sistema educativo galego, que a avaliación, recoñecemento, acreditación e rexistro das competencias dixitais docentes no ámbito do sistema educativo galego corresponderá á consellería competente en materia de educación, que terá en conta o marco de referencia establecido na Resolución do 2 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Educación sobre o marco de referencia da competencia dixital docente e de acordo co establecido na normativa de aplicación en materia de educación e formación.

3. Tramitación

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, establece no capítulo II do seu título II o procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral. O artigo 41 regula a fase inicial e sinala que a elaboración das devanditas disposicións iníciase por acordo da persoa titular da consellería na que se encadre o centro directivo que tivese a iniciativa. Así, o presente proxecto de orde foi elaborado como anteproxecto pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos. A documentación achegada nesta fase foi a seguinte:

- Acordo do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (actual conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades) de 11 de abril de 2023, de inicio do procedemento de elaboración da norma.



- Texto do anteproxecto.
- Memoria de legalidade, acerto e oportunidade.
- Memoria económico-financeira.
- Táboa de vixencias.
- Informe do Servizo Técnico-Xurídico.

Prescindiuse do trámite de consulta pública previa de acordo co establecido no artigo 41.2 da citada Lei 16/2010, do 17 de decembro, ao tratarse dunha proposta normativa que non ten impacto significativo na actividade económica, non impón obrigas relevantes ás persoas destinatarias e regula aspectos parciais da materia.

Logo de finalizar esta fase do procedemento mediante a aprobación inicial do texto como proxecto de orde polo conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, o 17 de abril de 2023, seguíronse os trámites da fase intermedia previstos no artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

Así, na tramitación do proxecto solicitouse informe á Secretaría Xeral da Igualdade –emitido o 4 de maio de 2023–, á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos –emitido o 15 de maio de 2023– e á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa –emitido o 11 de maio de 2023–, e tratouse na Mesa Sectorial Docente non Universitaria.

Consta no expediente o certificado emitido o 19 de maio de 2023 pola directora da Área de Administración Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, de exposición pública conforme ao artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no que se dá conta de que o texto íntegro do proxecto estivo exposto publicamente no portal de Transparencia e Goberno aberto durante o período comprendido entre o 18/04/2023 e o 10/05/2023. Para este proxecto non se recibiron suxestións a través do formulario dispoñible no devandito portal.

Remitiuse o texto a todas as consellerías da Xunta de Galicia, formulándose alegacións pola Consellería do Mar.

Constan no expediente as memorias da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos nas que se analizan as observacións formuladas no informe de impacto de xénero, no informe emitido pola Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e pola Consellería do Mar.

A Asesoría Xurídica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades emitiu informe o 31 de maio de 2023.

Por último, con data 31 de maio de 2023, achegouse memoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en relación co informe da Asesoría Xurídica.





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

De conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, por considerar que se axusta á legalidade vixente, **informo favorablemente** o proxecto de *Orde pola que se regula o procedemento para a acreditación da competencia dixital docente no ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia*.

Santiago de Compostela, data da súa sinatura dixital

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Manuel Vila López

